

CONVOCATORIA CONTRATACIÓN PERSOAL CITMAGA

DENOMINACIÓN: 1 Contrato predoctoral en formación no marco dos “Proxectos de Xeración de Coñecemento 2023” – REFERENCIA: PID2023-146841OB-I00”.

REFERENCIA DA OFERTA: CITMAGA-OT-09-2024.

DESCRIPCIÓN DO POSTO: 1 contrato como investigador/a predoctoral en formación, no marco do proxecto referenciado PID2023-146841OB-I00 financiado por convocatoria 2023 de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento».

TRABALLO A REALIZAR: realización de tarefas de investigación no marco do proxecto “Desenvolvemento de ferramentas de simulación numérica para a mellora de procesos en fabricación aditiva (DeNSiProAM)”.

FUNCIÓNS A REALIZAR: realizar traballos de investigación para contribuír nos obxectivos específicos do proxecto: OB-1 Modelización e simulación térmica, OB-3 Modelización e simulación termomecánica, e OB-4 Caso de uso industrial. En particular, desenvolver unha ferramenta de simulación numérica para a mellora dos procesos en fabricación aditiva. As principais funcións inclúen desenvolver e optimizar modelos numéricos para a simulación térmica e termomecánica en procesos LAM-DED (Laser Additive Manufacturing by Directed Energy Deposition), implementando técnicas de redución de modelos e aplicando intelixencia artificial para mellorar a precisión e eficiencia das simulacións. O candidato tamén colaborará na validación experimental destes modelos e na optimización dos parámetros do proceso de fabricación; na divulgación e transferencia de coñecemento e dos resultados de investigación obtidos no marco do proxecto.

RESPONSÁBEIS: Profesora Dra. Peregrina Quintela Estévez.

PERFIS DOS CANDIDATOS: Licenciados/as, Enxeñeiros/as, Graduados/as ou equivalentes e Máster en temáticas relacionadas coa modelización matemática, simulación numérica de procesos industriais ou afines.

MÉRITOS E REQUISITOS A VALORAR:

- **Formación e experiencia xeral a valorar (30 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).**
 - Expediente académico do grao/licenciatura/enxeñaría (10 puntos).
 - Expediente académico do mestrado. Valoraranse o grado de afinidade das titulacións coas Matemáticas, a Física, a Enxeñería e a Informática (ou similares) (15 puntos).

Consorcio Centro de Investigación
y Tecnología Matemática de Galicia
citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

- Coñecementos de inglés (5 puntos).

■ COÑECEMENTOS E EXPERIENCIA ADICIONAL E ESPECÍFICA A VALORAR (40 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).

- Experiencia e familiaridade coa modelización térmica, termomecánica e hidrodinámica en contornos industriais, incluíndo transferencia de calor, convección, radiación e cambio de fase (8 puntos).
- Coñecemento e experiencia acreditada en simulación numérica en procesos industriais, especificamente en fabricación aditiva ou LAM-DED, que inclúa o uso de ferramentas como o Método de Elementos Finitos (FEM) (8 puntos).
- Formación e experiencia acreditada na modelización de problemas de programación matemática empregando linguaxes de programación como Python, C, Fortran, etc. (8 puntos).
- Coñecemento e experiencia acreditada en integrar técnicas de intelixencia artificial, especialmente redes neuronais, para mellorar os tempos de cálculo mantendo a precisión das simulacións (6 puntos).
- Experiencia en implementar técnicas de redución de modelos (MOR - Model Order Reduction) para optimizar os tempos de simulación (6 puntos).
- Coñecemento e experiencia acreditada en caracterización de materiais (en particular plástico) e do comportamento mecánico para a simulación de deformacións térmicas e termomecánicas (4 puntos).

■ Entrevista personal (30 puntos).

As persoas candidatas seleccionadas de acordo cos criterios anteriores serán convocadas a unha entrevista persoal. Entrevistarase polo menos as tres candidatas/os co mellor baremación e que entre os dous apartados anteriores alcancen polo menos 40 puntos.

Criterio xeral do proceso de selección: que en condicións equivalentes de idoneidade (méritos iguais) entre dúas ou máis persoas candidatas, accederá ao posto a persoa de sexo menos representado no tipo de posto convocado.

Consorcio Centro de Investigación
y Tecnología Matemática de Galicia
citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

REQUISITOS XERAIS DOS CANDIDATOS

Para ser admitidas/os, as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto para a que realicen a súa solicitude indicados no punto anterior, deberán posuír no día de finalización de presentación de solicitudes e mantelos ata a data prevista de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ter nacionalidade española ou dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas con nacionalidade española e de algún dos demais Estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais de algún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separadas de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte un anos ou maiores de dita idade que vivan ao seu cargo.
- Así mesmo poderán participar as persoas con nacionalidade de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. No obstante, a formalización do contrato laboral con persoas destas nacionalidades queda condicionada a que as persoas aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da/s titulación/s válida/s en España que se indique/n de acordo á lexislación española.
- Estar en posesión do título e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría ao finalizar o prazo de solicitude.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.
- Non estar separada/o, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

CONDITIONS:

- Retribución bruta mensual: 1.298,61 € en 14 pagas. Este contrato terá asignado un complemento por obxectivos de 1.000,00 € semestrais

Consorcio Centro de Investigación
y Tecnología Matemática de Galicia
citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

- Data inicio prevista: A partir do día seguinte á data da resolución da praza ofertada ¹.
- Tipo de contrato: Contrato predouctoral en formación.
- Categoría Laboral: Persoal investigador en formación.
- Duración: 12 meses².
- Xornada laboral: a tempo completo (35.0 horas semanais).

O contrato é parte da axuda PID2023-146841OB-I00, financiada por MCIU/AEI/10.13039/501100011033 e polo FEDER, EU.

COMISIÓN DE AVALIACIÓN:

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha Comisión de Avaliación designada ao efecto. A Comisión estará constituída pola/o responsable científica/o a (presidiráa) e membros do equipo de investigación vinculados ao Centro.

Membros da Comisión Especializada de Selección:

- Presidenta: Peregrina Quintela Estévez.
- Secretario: Jerónimo Rodríguez García.
- Vogal: Rosa María Crujeiras Casais.

LUGAR DE TRABALLO: Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga), Campus Vida, Santiago de Compostela.

ENVÍO DE SOLICITUDES

As persoas interesadas neste contrato deberán enviar antes do 9 de enero de 2025 ás 23:59 horas as solicitudes, que deberán incluír unha carta de presentación que resuma a traxectoria do solicitante cos méritos e experiencia a valorar na convocatoria, o currículum vitae (con teléfono móbil e correo electrónico), os títulos e os expedientes académicos de Grao/Licenciatura/Enxeñaría e Máster; outras certificacións, e a vida laboral (que acredite os méritos profesionais que aparecen no currículum vitae). Toda a documentación remítese á seguinte dirección de correo electrónico: itmati@citmaga.gal indicando en “asunto” a referencia da oferta CITMaga-OT-09/2024. Unha vez recibida a solicitude, confírmase a recepción da mesma mediante correo electrónico. As persoas

¹ A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

² A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/o da duración da actividade/proxecto de investigación.

**Consorcio Centro de Investigación
y Tecnología Matemática de Galicia**
citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

candidatas que sexan convocadas á fase de entrevista deberán aportar documentación orixinal dos méritos aportados.

PRAZOS E RESOLUCIÓN:

Recepción de solicitudes: ata o 9 de enero de 2025 ás 23:59 horas.

Avaliación de solicitudes e realización de entrevistas persoais: 2ª quincena de enero de 2025.

Resolución da convocatoria: última semana de enero de 2025.

LISTADO DE AGARDA

Trala resolución da convocatoria, as persoas candidatas que non foron seleccionadas e cumpran os requisitos establecidos nos criterios da convocatoria de praza, e respectando o indicado na convocatoria, poderán constituír un “listado de agarda” no marco desa convocatoria por orde de méritos e valía, sempre que se acadaran os setenta puntos. Dito “listado de agarda” farase público o mesmo día da resolución da convocatoria, e estará en vigor durante un período de 6 meses. A Comisión de Avaliación da convocatoria, se o estima convinte, poderá facer uso do “listado de agarda”, sempre e cando algunha persoa traballadora renuncie ou cause baixa voluntaria no marco da contratación e durante o tempo establecido e en vigor para o “listado de agarda”.

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria dedicarse en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade que orixine a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica, así como á existencia de financiamento concreto derivado do mesmo. Os contratos realizaranse baixo a modalidade de contrato por circunstancias dá produción. Os importes contemplados poderán sufrir variacións que establezan as normas que lle sexan de aplicación ou por causas sobrevindas non previstas inicialmente.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento de sinatura do contrato, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido para a convocatoria na que foron seleccionados, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.

A retribución bruta do contrato é a especificada, para cada caso concreto. O contrato implicará ademais a alta no réxime xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as

**Consorcio Centro de Investigación
y Tecnología Matemática de Galicia**
citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevidas non previstas inicialmente.

NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal de CITMAGA.

RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratados deberán manter a confidencialidade da actividades que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestión e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto o seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA); FINALIDADE DO TRATAMENTO: A xestión das candidaturas vinculadas ao proceso de selección; LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1a do RXPD); DESTINATARIOS DOS DATOS: Non se cederán datos a terceiros; PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o prazo máximo de dous anos; EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, oposición, limitación do tratamento e retirar no seu caso o consentimento outorgado enviando un correo-e a dpd@citmaga.gal CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@citmaga.gal

Toda a información en relación con esta convocatoria, así como a resolución desta, publicarase na páxina web de CITMAGA <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>

Rosa María Crujeiras Casais
Directora Científica de CITMAGA.

Consortio Centro de Investigación
y Tecnología Matemática de Galicia
citmaga.gal

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación
Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
itmati@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

**CIT
MAGA**

Salida:

19 / 12 / 2024

Nº Registro:

52

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS, NIF ***3178**, 19/12/2024 16:07:10.

CSV: FA9B-D6CA-462B-B69E